



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 31/08/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Xullo do 2023 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 1/11/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 1 de setembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2812

BEGONTE

Anuncio

Aprobándose por resolución da alcaldía de data vinte tres de agosto de dous mil vinte tres os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte tres.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vinte tres.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 23 de agosto de 2023.- O alcalde, José Ulla Rocha,

R. 2813

BURELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado definitivamente, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, o expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en aplicacións de gastos

| Aplicación | Descrición | Créditos iniciais | Modif. anteriores | Modif.que se propón | Créditos inais |
|------------|--|-------------------|-------------------|---------------------|----------------|
| 151/600 | Adquisición terreo dotacional | 0,00 | 745.010,00 | 750.000,00 | 1.495.010,00 |
| 171/619 | Outros investimentos reposición infraestructuras uso xeral | 0,00 | 0,00 | 200.000,00 | 200.000,00 |

| | | | | | |
|-----------|--|------------|------------|------------|--------------|
| 1531/619 | Outros investimentos reposición infraestructuras uso xeral | 0,00 | 0,00 | 350.000,00 | 350.000,00 |
| 165/619 | Outros investimentos reposición infraestructuras uso xeral | 0,00 | 0,00 | 100.000,00 | 100.000,00 |
| 153/619 | Outros investimentos reposición infraestructuras uso xeral | 0,00 | 0,00 | 100.000,00 | 100.000,00 € |
| 342/639 | Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos | 0,00 | 286.081,04 | 455.058,19 | 741.139,23 |
| 920/636 | Equipos para procesos de información | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 | 3.000,00 |
| 165/22100 | Enerxía eléctrica | 225.000,00 | 0,00 | 150.000,00 | 375.000,00 € |

Aplicacións de ingresos

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|-----------------------|------|--------|--|---------------------|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 8 | 87 | 870.00 | Remanente de Tesouraría para gastos xerais | 2.108.058,19 |
| | | | TOTAL INGRESOS | 2.108.058,19 |

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 1 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2814

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado definitivamente, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, o expediente de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Crédito extraordinario en aplicacións de gastos

| Aplicación | Descrición | Créditos iniciais | Modif. anteriores | Modif.que se propón | Créditos finais |
|------------|---|-------------------|-------------------|---------------------|-----------------|
| 414/779 | Transferencias de capital a empresas privadas | 0,00 | 0,00 | 20.000,00 | 20.000,00 |
| 942/767 | Transferencias de capital a consorcios | 0,00 | 0,00 | 100.000,00 | 100.000,00 |

Aplicacións de ingresos

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|-----------------------|------|--------|--|-----------|
| Cap. | Art. | Conc. | | |
| 8 | 87 | 870.00 | Remanente de Tesouraría para gastos xerais | 120.00,00 |
| | | | TOTAL INGRESOS | 120.00,00 |

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 1 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2815

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL TRABALLADORA CON RESERVA AO POSTO DE TRABALLO, DE UN (1) AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERVO.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2023 - 0792 de data 24 de agosto de 2023, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, mediante contrato de duración determinada para a substitución de persoa traballadora con reserva ao posto de traballo, de un (1) auxiliar de axuda no fogar para o servizo de axuda no fogar do Concello de Cervo A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 1 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2816

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de agosto de 2023 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 31 de agosto de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2817

FOZ

Anuncio

En cumprimento da previsión do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución núm. 2023-0787 de data 31/08/2023 ditada pola Alcaldía, cuxo teor literal di:

“ En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Visto que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Visto que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2.

Visto que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que este Alcalde atópase ausente por vacacións dende o día 08 de setembro ata o día 15 de setembro de 2023, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no periodo referido.

RESOLVO

PRIMEIRO.-Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía na 2ª Tenente de Alcalde, dona Inés López Couto, dende o día 08 de setembro ata o día 15 de setembro de 2023, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.

SEGUNDO.-Da presente resolución darase traslado á 2ª Tenente de Alcalde e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.-Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Foz, 1 de setembro de 2023.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2818

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº: 7686/2023 DO 01/09/2023

Sr. Don ANGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 9/298 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (Grupo A - Subgrupo A1) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020).

Polo Decreto Nº: 1992/2022 do 22/02/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020).

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 51, do 4 de marzo de 2022, e extracto del no “Diario Oficial de Galicia” número 71, do 12 de abril de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 126, do 27 de maio de 2022.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 9/622 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020).

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 6 de xuño de 2023, ACORDA:

(...) Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de técnico/a de administración xeral funcionario/a de carreira do Concello de Lugo en quenda promoción interna (OEP 2020), para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo e posterior nomeamento:

1ª.- Natalia Framil Rego, DNI nº *9723**.**

De conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/10/2019, os aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

En base ás atribucións delegadas por Decreto Nº: 7343/2023 do 22/08/2023 polo que se rectifica o Decreto Nº: 5756/2023 do 21/06/2023 ditado pola Excm. Sra. Alcadesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, o Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación da aspirante aprobada no referido proceso selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018:

Técnico/a de Administración Xeral:

Dona Natalia Framil Rego, DNI nº *9723****

SEGUNDO.- A opositora aprobada, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuír a titulación esixida.
- b) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- d) Dúas fotografías tamaño carné.

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 1 de setembro de 2023.- O Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2819

O INCIO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de Agosto de 2023, acordou a aprobación provisional da nova Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello do Incio.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 1 de setembro de 2023.- O Alcalde, Héctor M. Corujo González.

R. 2820

PANTÓN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

-Elévase automaticamente a definitivo, ao non formularse reclamacións nin suxestións no prazo legalmente establecido para o efecto, o Acordo do 27.04.2023, do Pleno do Concello de Pantón, polo que se acorda aprobar provisionalmente e, con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, coa finalidade incluír unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, así como a actualización do "Manual para obter o orzamento de execución material dunha construción ou obra maior: orzamento de referencia, cuxo texto íntegro faise público de conformidade co artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con publicación do texto íntegro da modificación de referencia.

-Texto íntegro da modificación:

"Dáse nova redacción ao seguinte articulado da Ordenanza Fiscal n.º 2 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras:

Artigo 4. Exceccións e bonificacións.

1. Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

2. De conformidade co disposto no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pantón establece a seguinte bonificación:

Unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación será rogada e concederáse, se procede, previa solicitude do suxeito pasivo.

A solicitude de bonificación presentaráa o suxeito pasivo, de maneira simultánea á solicitude da licenza municipal.

Presentada dentro do prazo e en forma a solicitude e os documentos correspondentes; o suxeito pasivo poderá aplicar na autoliquidación do Imposto a bonificación, de forma provisional e, en todo caso condicionada á súa concesión polo órgano competente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión de 27.04.2023 e entrará en vigor, unha vez publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, o día seguinte á súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

Manual para obter o orzamento de execución material dunha construción ou obra maior: orzamento de referencia

1. Normas xerais, criterios de valoración.

1. Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios, só se dividirá en varios puntos cando cada destino minoritario supere o 20% da superficie total; neste caso valorárase independentemente.
2. A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se se dar o caso.

2. Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

2.1.1. Definicións:

Mb.- Módulo básico.

Mc.- Módulo de construción ou de referencia.

S.- Superficie total construída en m²

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación.

Pemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos.

Pem.- Orzamento de execución material do proxecto.

2.1.2. Valores de aplicación.

2.1.3. Módulo básico.

Establécese un prezo en €/m² de edificación da tipoloxía da edificación aplicábel ás distintas construcións.
Mb=520,00 €/m².

2.1.4. Superficie construída por uso:

Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.

2.1.5. Coeficiente por tipoloxía (Ct)

1. En edificacións de nova planta e adicións:

1,20 Edificación illada (4 fachadas) vivenda familiar illada e sotos 3º e seguintes.

1,10 Agrupación en fila, sotos 1º e 2º.

1,00 Edificio en rueiro pechado, edificación aberta vivenda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación:

1,20 Rehabilitación total, incluído desmontar fachadas.

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entrecháns, rehabilitación integral do edificio conservando só fachadas.

0,65 Rehabilitación de instalacións e acabados.

0,50 Reformas que afecten só a elementos estruturais.Reforma completa de cuberta.

0,35 Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e peches(referido á superficie de fachada).

0,07 Demolicións e derrubamentos (aplicada á superficie que se vaia demoler).

2.1.6. Coeficiente de uso. Cu.

Segundo o tipo de edificación:

1,60 Auditorios, museos teatros, hoteis de 5 estrelas, edificios bancarios.

1,50 Hospitais, laboratorios.

1,40 Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de catro estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.

1,30 Clubs sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de tres estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia.

1,20 Casas de cultura, casas consistoriais, locais bancarios, consultorios, centros de culto, cuarteis e matadoiros.

1,10 Vivenda, hoteis de dúas estrelas, residencias universitarias, moteis.

1,00 Residencias VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis dunha estrela, ambulatorios, hostais-residencia, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.

0,90 Bares, mercados.

0,80 Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servizos cámping.

0,65 Edificios de estacionamento, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escaparate.

0,50 Piscinas descubertas, cemiterios.

0,40 Garaxes e estacionamentos, estacións de servizo.

0,35 Trasteiros, locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, terrazas asoportaladas e terrazas abertas.

0,30 Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, cubertos, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho).

0,15 Acondicionamento de naves con obras mínimas.

0,10 Proxectos de urbanización (adsritos a edificacións), áreas deportivas, parcelas cámping.

0,05 Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos

3. Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

3.1.1.Módulo de construción:

$M_c = M_{bx} C_{tx} C_u$

3.1.2. Orzamento de execución material segundo módulos básicos:

$P_{emb} = M_{bix} S_i$

M_{bi}. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.

S_i. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.

4. Módulos para a obtención do orzamento de execución material das obras menores.

Establécense os seguintes módulos para calcular o orzamento de execución material mínimo das obras menores.

No listado que segue detállase, na primeira columna a base física na que se apoia o módulo entre as que distinguimos m2, m3, ml e ud, na colimna central a tipoloxía da obra e na columna da esquerda o valor en € de cada unidade.

No caso de que a tipoloxía da obra non se atope contemplada no listado, aplicarase o módulo de acordo coa natureza da obra e os materiais que se vaian a empregar máis se me lle asemelle.

Para o cálculo do orzamento haberá que multiplicar o número de unidades de que conste a obra menor polo valor asignado a cada tipoloxía.

m2= Metros cadrados

m3=Metros cúbicos

ml=Metros lineais

ud=Unidade

| Ud | Partida | Prezo [€] |
|---------------------------|--|-----------|
| m2 | Obras de reforma interior de instalacións e acabados | 315,36 |
| ACTUACIÓNS PREVIAS | | € |
| m2 | Apeo estrutura | 11,93 |
| m2 | Levantado de material de cobertura | 5,81 |
| ml | Desmontaxe baixante e canlón | 2,45 |
| m2 | Demolición de pavimento | 6,61 |
| m2 | Picado e revestimento de recebo | 6,48 |
| m2 | Levantado azulexos e chapados | 6,78 |
| m2 | Demolición falsos teitos | 3,39 |
| m2 | Demolición de tabique | 5,40 |
| m2 | Levantado de carpintería | 3,39 |
| m2 | Apertura e formación de oco | 64,71 |
| ud | Levantado de mobiliario de cociña | 140,80 |
| ud | Levantado de sanitarios | 10,53 |
| ud | Levantado de radiador e accesorios | 21,51 |
| ud | Desmontaxe de instalación de calefacción | 178,13 |
| ud | Desmontaxe de instalación eléctrica | 118,76 |
| ml | Levantado de varanda ou reixa | 3,14 |
| RESTAURACIÓN | | € |
| m2 | Limpeza de fachadas | 7,45 |
| m2 | Arrexuntado de fachadas de pedra | 12,72 |
| ud | Reparación e ancoraxe de pezas de fachada | 7,64 |

| | | |
|----------------------------|--|----------|
| m2 | Restauración carpintaría de madeira | 57,22 |
| ml | Reparación de varanda | 41,96 |
| m2 | Reparación de reixa | 52,63 |
| m2 | Limpeza de cuberta | 3,12 |
| m2 | Retellar (substitución tellas rotas e colocación tellas fóra de sitio) | 9,37 |
| m2 | Sistema de illamento térmico exterior | 60,00 |
| ACONDICIONAMENTO DO TERREO | | € |
| m2 | Limpeza e nivelación de terras | 2,15 |
| m3 | Achega de terra vexetal | 32,93 |
| ml | Drenaxe de grava | 15,75 |
| ml | Drenaxe con tubo | 25,12 |
| m3 | Apertura de gabias a man | 27,38 |
| m3 | Apertura de gabias a máquina | 32,14 |
| m3 | Recheo e compactado de gabias | 3,25 |
| m2 | Pavimento continuo de formigón | 39,28 |
| m2 | Pavimento de lastros de granito | 20,24 |
| INSTALACIÓNS EXTERIORES | | € |
| ud | Pozo de auga | 1.789,91 |
| m3 | Depósito de auga | 218,70 |
| ud | Instalación de fosa séptica | 973,17 |
| ud | Depósito de gas aéreo | 1.212,56 |
| ud | Depósito de gas enterrado | 3.305,27 |
| ud | Instalación de antena parabólica unitaria | 588,01 |
| ud | Instalación de antena parabólica colectiva | 4.241,20 |
| TABICARÍA | | € |

| | | |
|----------|--|-------|
| m2 | Tabique de ladrillo | 18,00 |
| m2 | Tabique de cartón xeso | 29,49 |
| m2 | Trasdosado interior con illamento térmico | 40,00 |
| m2 | Tabique vidro moldeado | 88,51 |
| ACABADOS | | € |
| m2 | Revestimento de recebo e lucido | 11,73 |
| m2 | Azulexado | 19,42 |
| m2 | Chapado de pedra (granito, lousa, mármore ou similares) | 75,52 |
| m2 | Revestimento de paneis metálicos | 48,42 |
| m2 | Revestimento de paneis de madeira ou fibras | 25,31 |
| m2 | Revestimento de materiais plásticos | 20,98 |
| m2 | Revestimento monocapa continuo | 21,03 |
| m2 | Pintura plástica exterior | 9,37 |
| m2 | Pintura plástica interior | 4,43 |
| m2 | Recrecido morteiro de cemento | 6,52 |
| m2 | Pavimento de baldosas de terrazo | 21,90 |
| m2 | Pavimento de baldosas de pedra (granito, lousa, mármore, etc.) | 85,44 |
| m2 | Pavimento de baldosas de cerámica | 25,89 |
| m2 | Pavimento de madeira | 60,44 |
| m2 | Pavimento de materiais laminados (vinilo, PVC, goma) | 26,85 |
| m2 | Revestimento de material téxtil (fibras sintéticas, moquetas, etc) | 18,94 |
| m2 | Soleira de formigón | 26,73 |
| ml | Chanzo | 56,10 |
| m2 | Falso teito continuo de escaiola ou xeso-cartón | 16,91 |
| m2 | Falso teito modular | 21,09 |

| CARPINTERIA E ACRISTALAMENTOS | | € |
|-------------------------------|---|--------|
| m2 | Substitución carpintería de madeira exterior (incluído vidro) | 300,00 |
| m2 | Substitución carpintería de madeira interior | 150,00 |
| m2 | Substitución carpintería de aluminio (incluído vidro) | 350,00 |
| m2 | Substitución carpintería de PVC (incluído vidro) | 350,00 |
| m2 | Substitución carpintería de aceiro (incluído vidro) | 300,00 |
| m2 | Acristalamento con vidro normal | 23,74 |
| m2 | Acristalamento con dobre vidro | 46,87 |
| m2 | Acristalamento vidro de seguridade | 119,77 |
| DEFENSAS | | € |
| ml | Substitución de varanda de pedra (h=90cm) | 180,00 |
| ml | Substitución de varanda metálica (h=90cm) | 100,00 |
| ud | Porta blindada | 973,17 |
| m2 | Reixa metálica | 67,70 |
| m2 | Persiana de seguridade metálica | 136,26 |
| m2 | Celosía | 50,45 |
| CUBERTA | | € |
| m2 | Cuberta de placas de fibrocemento | 19,05 |
| m2 | Cuberta de placas de aceiro galvanizado ou prelacado | 29,20 |
| m2 | Cuberta de tella | 29,76 |
| m2 | Cuberta de lousa | 35,50 |
| m2 | Cuberta de zinc | 78,19 |
| m2 | Cuberta de cobre | 94,61 |
| m2 | Impermeabilización de terraza ou cuberta plana | 16,19 |
| m2 | Illamento de cuberta | 40,00 |

| | | |
|-------------------------|---|--------|
| ml | Baixante de PVC | 11,45 |
| ml | Baixante de zinc-cobre-titanio | 35,00 |
| ml | Baixante de chapa de aceiro prelacado | 20,00 |
| ud | Gardacanos fundición ata h= 2 m | 111,72 |
| ml | Canlón de PVC | 17,75 |
| ml | Canlón de zinc-cobre-titanio | 35,00 |
| ml | Canlón de chapa de aceiro prelacado | 24,99 |
| ud | Claraboia | 184,91 |
| INSTALACIÓNS INTERIORES | | € |
| ml | Tubo de fontanería instalada | 5,02 |
| ud | Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro) | 133,00 |
| ud | Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro + ducha) | 161,67 |
| ud | Instalación rede auga fría e quente baño completo | 220,96 |
| ud | Instalación rede auga fría e quente cociña | 165,73 |
| ud | Lavabo | 168,31 |
| ud | Inodoro | 239,52 |
| ud | Ducha | 161,61 |
| ud | Bañeira | 181,26 |
| ud | Bidé | 142,41 |
| ud | Urinario | 131,23 |
| ud | Fregadeiro | 192,57 |
| ud | Lavadoiro | 150,80 |
| ud | Termo eléctrico | 272,60 |
| ud | Quentador gas | 353,02 |
| ud | Instalación de gas interior de vivenda | 306,08 |

| | | |
|--------------------------------|---|----------|
| ud | Caldeira mural para calefacción | 1.184,38 |
| ud | Caldeira mural para calefacción e auga quente | 1.766,06 |
| ud | Instalación completa de calefacción en vivenda | 4.980,26 |
| ud | Instalación completa de de rede electrica en vivenda | 1.706,37 |
| ud | Instalación completa de aire acondicionado en vivenda | 1.562,13 |
| ud | Instalación completa de de auga fría e quente en vivenda | 701,04 |
| ELEMENTOS ASOCIADOS A FACHADAS | | € |
| m2 | Toldo | 142,41 |
| m2 | Marquesiña | 224,42 |
| m2 | Rótulo opaco | 329,07 |
| m2 | Rótulo luminoso | 456,38 |
| m2 | Carteleira publicitaria | 34,53 |
| m2 | Pintura de anuncios, rótulos, etc | 142,41 |
| ud | Lápida | 62,59 |
| VALOS E PECHES | | € |
| m2 | Limpeza, consolidación ou reparación de peches | 13,12 |
| m2 | Colocación valo de obra | 6,25 |
| ml | Chantos de pedra | 25,89 |
| ml | Peche de postes e arame | 18,34 |
| m2 | Peche de postes e tea metálica | 18,95 |
| m2 | Peche metálico | 57,18 |
| m2 | Peche fundición | 90,63 |
| m2 | Peche bloque ou ladrillo para revestir, incluído revestimento | 33,31 |
| m2 | Peche fábrica bloque ou ladrillo visto | 45,86 |
| m2 | Peche fábrica de pedra | 98,41 |

| | | |
|--------------|---|----------|
| m3 | Formigón armado en formación de muro | 180,00 |
| m2 | Porta metálica entrada a parcela | 150,00 |
| m2 | Porta fundición entrada a parcela | 204,99 |
| ud | Formación entrada a parcela, incluída canalización | 383,01 |
| URBANIZACIÓN | | € |
| ml | Colocación de encanamentos de fibrocemento no subsolo | 196,38 |
| ml | Canalización de saneamento de formigón soterrada i/ obra s/ pavimento | 42,00 |
| ml | Canalización de saneamento de PVC/PE/PPR corr/liso soterrada i/ obra s/ pavimento | 44,00 |
| ml | Canalización de abastecemento de fundición soterrada i/ obra s/ pavimento | 62,00 |
| ml | Canalización de abastecemento de polietileno/PVC soterrada i/ obra s/ pavimento | 41,00 |
| ml | Canalización de abastecemento de fundición soterrada i/ obra s/ pavimento | 64,00 |
| ud | Colocación de postes de madeira en vía pública i/ obra civil | 280,00 |
| ud | Colocación de postes de formigón BT en vía pública i/obra civil | 620,00 |
| ud | Colocación de postes de formigón MT en vía pública i/cruceta | 1.200,00 |
| ud | Colocación de torre celosía MT i/ obra civil | 1.500,00 |
| m | Colocación de torre celosía comunicación (por m) i/ obra civil | 800,00 |
| ml | Rede de gas soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento | 32,00 |
| ml | Rede de telecomunicacións soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento | 28,00 |
| ml | Liña BT alumeado soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento | 38,00 |
| ml | Liña BT alumeado aérea i/ postes formigón/madeira e obra civil | 24,00 |
| ml | Liña BT soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento | 52,00 |
| ml | Liña BT aérea pousada s/ fachada i/ accesorios | 19,00 |
| ml | Liña BT aérea i/ postes formigón/metálico e obra civil | 32,00 |
| ml | Liña MT soterrada i/ arquetas e obra civil s/pavimento | 68,00 |
| ml | Liña MT aérea i/ acces., postes formigón/metálico e obra civil | 42,00 |

| | | |
|--------|---|-----------|
| m2 | Rotura/reposición de pavimento para canalizacións – baldosa hidráulica aceras | 45,00 |
| m2 | Rotura/reposición de pavimento para canalizacións – aglomerado en quente | 19,00 |
| m2 | Rotura/reposición de pavimento para canalizacións –asfalto | 15,00 |
| ud | Arqueta de rexistro de obra 40x40 c/tapa | 95,00 |
| ud | Pozo de rexistro de obra D0,80/1,00x1,20/1,50 m c/tapa | 580,00 |
| ud | Luminaria viaria de alumeado público i/accesorios | 290,00 |
| ud | Luminaria ornamental de alumeado público i/accesorios | 360,00 |
| ud | Apoio metálico (columna, báculo) alumeado público i/obra civil | 450,00 |
| ud | Centro de mando de alumeado público | 1.600,00 |
| ud | Centro de transformación MT/BT aéreo i/accesorios, PAT, ... | 12.000,00 |
| ud | Centro de transformación MT/BT en caseta i/obra civil, accesorios, PAT, ... | 36.000,00 |
| ud | Centro de seccionamento en caseta s/ telecontrol | 21.000,00 |
| ud | Centro de seccionamento en caseta c/ telecontrol | 32.000,00 |
| OUTROS | | € |
| ud | Instalación de ascensor o elevador B+1 (por cada planta a maiores 1000€ máis) | 12.000,00 |
| kWp | Instalación fotovoltaica i/estrutura, accesorios, ... (sin batería) | 1.000,00 |
| kWp | Instalación fotovoltaica i/estrutura, accesorios, ... (con batería) | 1.800,00 |
| m2 | Instalación solar térmica i/ accesorios (por m2 de captador) | 220,00 |

Para o cálculo da liquidación tomarase coma orzamento de referencia o maior dos seguintes:

- **Orzamento de execución material obtido segundo os módulos básicos.**
- **O aportado polo interesado.”**

Contra o Acordo de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras só pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 10.b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Pantón, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2821

SARRIA*Anuncio***Anuncio de formalización de contratos: asistentes domiciliarios****Estabilización de emprego temporal**

O día 01/09/2023, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2023-1198, ditou a seguinte resolución:

“ **Expediente:** 62/2023

Procedemento: Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, de dúas prazas de Asistente Domiciliario, Grupo V, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 24/07/2023 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación das seguintes persoas:

- Iván Valiña Mourelo
- Óscar José Quiroga Boado

Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte das persoas propostas.

Considerando que ambos aspirantes presentaron a documentación esixida na base xeral 10.2

Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.

Visto decreto de Alcaldía (n.º 2023-1150) de data 23/08/2023, de resolución- finalización do proceso selectivo e proposta de contratación.

Vista dilixencia de conformidade emitida pola Intervención Municipal (Informe n.º 2023-0328) de data 31/08/2023.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Formalizar o contrato de traballo como persoal laboral fixo do Concello de Sarria, para dúas prazas de Asistente Domiciliario, Grupo V, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria; coas seguintes persoas: Iván Valiña Mourelo (****777*) e Óscar José Quiroga Boado (****184*).

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>”

Sarria, 1 de setembro de 2023.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2822

VILALBA*Anuncio***BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRA CHA NO CAMIÑO III.**

Dentro da labor de fomento e apoio as iniciativas e fomento do emprego, o Concello de Vilalba e seguindo as directrices marcadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concédente dos incentivos á contratación para os traballadores/as do Obradoiro de Emprego Dual Terra Cha no Camiño III, convócanse as presentes axudas para a contratación dos alumnos traballadores durante o período comprendido entre o **19 de setembro e o 9 de outubro de 2023.**

• Disposicións xerais

Estas normas teñen por obxecto establecer as condicións, polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección de Entidades dos Concellos de Vilalba e Abadín da provincia de Lugo, susceptibles de percibir subvencións para a contratación temporal, dos participantes no Obradoiro de Emprego Terra Cha no Camiño III para un período de tres meses.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

- **Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.**

Os incentivos á contratación temporal por conta allea, teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego Terra Cha no Camiño III, financiados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e promovido polo Concello de Vilalba xunto co Concello de Abadín.

A contratación temporal terá unha **duración mínima 3 meses**, e con inicio da contratación dentro do período comprendido **entre o 19 de setembro e o 9 de outubro de 2023**.

A xornada de contratación temporal será a tempo completo.

- **Réxime xurídico**

3. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

5. Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

6. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

7. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Orde de 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

- **Entidades beneficiarias dos incentivos a contratación**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos ás contratacións previstas nas presentes bases:

- As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. As cales desempeñen actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro dual de Emprego, actividades de carpintería e moble, de construción e obra civil, actividades en oficinas, despachos e departamentos de administración e que contraten traballadores/as por conta allea, para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Vilalba ou Abadín.

- No caso de sociedade civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude, como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria, lle correspondan a agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión, deberá reunir os requisitos esixidos para acceder as axudas.

- Non poderán ser beneficiarias de estas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

- Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa, as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes coa Lei xeral de subvencións:

- Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- Solicitar declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, encóntrase declaradas en concurso salvo que en este se adquira eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado en sentenza de clasificación do concurso.

- Dar lugar, por causa de que lle fora declarada culpable, a resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aquelas que exerzan a representación legal de outras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- Non estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ó fronte da Seguridade Social, ou ter pendente de pago algunha outra débeda co Concello de Vilalba, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou Estatal, nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ter a residencia fiscal nun país ou territorio clasificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non estar o corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ser sancionado, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder a condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran nalgunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- En ningún caso poderán obter á condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por encontrarse indicios relacionados de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002 mentres nos recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- Non poderá ter a condición de entidade beneficiaria, as entidades que estean excluídas do acceso ós beneficios da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada por Real Decreto legislativo 5/2000 de 4 agosto.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas, nas prohibicións contidas nos puntos 3,4, e 5 para obter a condición de beneficiario, realizarase mediante declaración responsable.

5. Contía dos incentivos á contratación

- Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato cunha duración mínima de 3 meses a xornada completa.
- Os beneficiarios establecidos á contratación deste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custe salarial, e de seguridade social, das mensualidades obxecto da subvención.

6. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

- a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou en outras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- b) Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea, os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate de unha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin esté ó seu cargo.
- c) As contratacións realizadas con persoas traballadoras, que nos 24 meses anteriores a data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo establece o artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo anticipación da idade de xubilación. O disposto neste párrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral

anterior do traballador ou da traballadora con empresas as cales a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do real Decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

7. Procedemento de solicitude

7.1. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

- Para poder ser entidade beneficiaria das axudas reguladas nesta orde, deberá presentarse unha solicitude de axuda nos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases. O modelo de solicitude será unha instancia dispoñible na web municipal www.vilalba.gal, modelo establecido como ANEXO I destas bases.

Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Vilalba.

- O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

- Non axustarse a os termos desta convocatoria, así coma a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de NON ADMISIÓN.

7.2 . Documentación

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

- Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Vilalba, asinado polo/a representante da entidade (Anexo I), xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:
- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ó mes da publicación da presente convocatoria, así como relación de todos os traballadores que tivo contratados durante os 24 meses anteriores (Anexo II).
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda. (Anexo II).
- Declaración responsable de non estar incuso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo II).
- Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación da solicitude, segundo modelo que figura como (Anexo II).
- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036), ou declaración responsable de non estar obrigada.

Poderase presentar unha solicitude de subvención por entidade, e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou ratificación no prazo de cinco días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

7.3. Proposta de concesión de subvencións

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas no teñen a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, se non que a concesión da axuda, realizase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Vilalba ata esgotar o crédito dispoñible, segundo a resolución de concesión da subvención para a creación do Obradoiro de Emprego Terra Cha No Camiño III, e que ascende a 30.000 €. (Este programa será financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 11.05.322A.460.1 (proxecto 2014 00543), e aplicación orzamentaria municipal 241.48915.

A proposta de concesión de subvención deberá conter a relación de entidades solicitantes por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba, asignando a contía de subvención a cada unha de elas, ata esgotar o crédito dispoñible. Dita contía non superará os 1.500 € por incentivo solicitado. Posteriormente, dita proposta pasará á intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Concesión de subvención informada pola Interventora Municipal, a Xunta de Goberno Local, concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se concede a subvención e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver, será de 10 días contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións no Rexistro do Concello de Vilalba. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

7.4 Resolución, publicidade da concesión, reformulacións da concesión

A resolución da concesión farase pública na Sede Electrónica do Concello (Taboleiro de Anuncios e Portal de Transparencia) xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando Administración estime que a publicación efectuada resulte insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico. dirección que os interesados designen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. A estes efectos os interesados deberán achegar o Anexo III debidamente cumprimentado e asinado.

8.- Adxudicación do traballador/a

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias, realizarase a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas nesta convocatoria, nos cinco días hábiles seguintes a publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Vilalba. Os traballadores serán asignados á empresa en función da puntuación obtida polos mesmos nos citados obradoiros, dándolles a escoller a empresa ós alumnos/as que acadaran a maior puntuación.

9.- Obrigas das entidades beneficiarias

- Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.
- Manter no seu persoal a persoa contratada, polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal por causas previstas na normativa laboral vixente, con anterioridade a finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilalba, no prazo de sete días dende que se produza para promover o seu relevo en igualdade de condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro de emprego, que non fora contratadas previamente.
- Coma consecuencia da contratación temporal polo que se solicita a subvención, ten que incrementarse emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ó mes anterior o mes de realización da contratación polo que se solicita a subvención. Para o calculo do incremento do persoal non se computara as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despido disciplinario que non sexa declarados improcedentes, ou cuxas baixas se predixeran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.
- As contratacións polas que se solicita subvención, deberá formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecidas.
- Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga corresponderalle ó Concello de Vilalba levar a cabo a función de control da subvención concedida, así como a avaliación e seguimento deste programa.

10.- Xustificación e pagamento

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida.

Para ter dereito á mesma, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o Concello de Vilalba, nos 15 días dende a data de contratación do/s traballador/es a seguinte documentación:

- Copia compulsada ou cotexada dos contratos de traballo, formalizados e debidamente comunicados ó SEPE.
- Copia compulsada ou cotexada dos partes de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.
- Declaración responsable complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).

- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e Facenda Galega), Seguridade Social, e Concello de Vilalba.
- Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No prazo máximo dun mes contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado.

- Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados.
- Nómina e xustificante de pago do/s traballador/es correspondentes ós meses de contratación. Soamente se admitirá como documentos xustificativos de pago, aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, en ningún caso, admitirase o pago en man ou en efectivo.
- Copia compulsada ou cotexadas do impreso de liquidación nominal Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagadas.
- Declaración responsable Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes u outros entes públicos o, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e Facenda Galega) e Seguridade Social.

11.- Incompatibilidades e concorrencia

As axudas previstas neste programa para contratacións por conta allea, son incompatibles con outras que polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso coas bonificacións ou reducións de cotizacións a Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa, serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, supere os límites establecidos pola Unión Europea, e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

12.- Reintegro da subvención

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará a documentación, e se é correcta, procederase o pagamento da subvención, mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida a entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que por Resolución de Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e a Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante a revogación da subvención concedida.

Entenderase que se produce un incumprimento parcial, e polo tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral, antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos na correspondente convocatoria, dará lugar a cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

13.- Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

14.- Réxime de recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Poderá formularse con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo

órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución de Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o exercicio de 2022 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó Rexistro Público de Subvencións. Así, mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento de datos das persoas solicitantes e infórmas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención

Criterio de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimíranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: Non se comunicaran os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta a normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba (Lugo).

INDICE DE ANEXOS

- ANEXO I : SOLICITUDE
- ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ANEXO III: MODELO ACEPTACIÓN MODELO DE COMUNICACIÓN

| | | |
|--|-------------------------------------|--------------|
| Modelo de Solicitud de Subvención | A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN | |
| | N.º Expediente | N.º Rexistro |
| | 1411/2022 | ----- |
| | Modelo | Data: |
| | | |

ANEXO I SOLICITUDE

| DATOS DEL SOLICITANTE | | | |
|---------------------------------|-----------|-------|-----------|
| Nome e Apellidos / Razón Social | | | NIF |
| ----- | | | ----- |
| Dirección | | | |
| ----- | | | |
| Código Postal | Municipio | | Provincia |
| ----- | ----- | | ----- |
| Teléfono | Móbil | Fax | E-mail |
| ----- | ----- | ----- | ----- |

| DATOS DO REPRESENTANTE (se procede) | | | |
|--|-----------|-------|-----------|
| Nome e Apellidos | | | NIF |
| ----- | | | ----- |
| Dirección | | | |
| ----- | | | |
| Código Postal | Municipio | | Provincia |
| ----- | ----- | | ----- |
| Teléfono | Móbil | Fax | E-mail |
| ----- | ----- | ----- | ----- |

| DATOS DE NOTIFICACIÓN | |
|-----------------------|----------------------------------|
| Persoa a notificar: | Medio Preferente de Notificación |
| O Solicitante | Notificación postal |
| O Representante | Notificación electrónica |

| DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO | | | |
|---|---|------------------------------|--------------------|
| ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN) | | DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE | |
| | | | |
| DESCRIPCIÓN DO OBJETO SOCIAL DA EMPRESA | | CNAE | GRUPO EPIGRAFE IAE |
| | | | |
| TIPO DE ACTIVIDADE | N.º DE CONTRATACIÓNS POLOS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN | N.º DE INSCRIPCIÓN NA S.S | |
| | | | |
| Nº DE TRABALLADORES NA EMPRESA (1) | | | |
| | | | |

Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

| DATOS BANCARIOS | | |
|---------------------------|----------|----------------|
| TITULAR DA CONTA BANCARIA | ENTIDADE | NÚMERO DE IBAN |
| | | |

EXPÓN

PRIMERO. Que coñecidas as bases que regulan a subvención de incentivos a contratación dos alumnos/as do Obradoiro de Emprego Terra Chá No Camiño III.

SEGUNDO. O solicitante declara:

- Que todos os datos que constan nesta solicitude, e ós documentos que o acompañan, son certas.
- Que cumpre e acepta a normativa xeneral vixente reguladora das subvencións que outorga o Concello e todos os requisitos esixidos nas bases e a convocatoria para solicitar e outorgar estas subvencións.
- Que está enterado/da que a carencia de xustificación documental das subvencións recibidas deste Concello non só comporta a anulación da subvención e a esixencia de responsabilidades ós perceptores, senón que como consecuencia non se tramitará esta solicitude nin de posteriores.
- Que no se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRO. Acompaño xunto á solicitude da subvención os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI/CIF.

- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da Escritura de constitución o modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.).
- Declaración responsable de que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións. ANEXO II
- Certificado de estar ó corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e local.
- Certificado de estar ó corrente coa Seguridade Social.
- *[Toda a documentación esixida nas bases ou na convocatoria].*

Polo exposto,

SOLICITA

Que, de conformidade coas Bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* nº _____ de data _____, se conceda subvención para _____ por importe de _____ euros, e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Vilalba, a ____ de _____ de 2023.

O solicitante,

Asinado.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

[1] De conformidade con la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas a comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Si o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración, Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba (Lugo).

Lexislación aplicable

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a do alumnado Obradoiro de Emprego Terra Cha No Camiño III.

Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOGA nº 46, de 8 de marzo de 2022)

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña.....
 con NIF..... na miña condición de representante da
 entidade.....
con CIF.....

DECLARO baixo a miña responsabilidade e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada polo Concello de Vilalba, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

1. Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentos con certos.
2. Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar o Concello de Vilalba toda a documentación requirida nas presentes bases.
3. Que acepto o traballador/a que lle asigne o Concello de Vilalba, e entregar o informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.
4. Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa.
5. Que non ten despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
6. Que a entidade a que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incusa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 i, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade que represento cumpre o disposto no Regulamento Xeral de Protección de datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
8. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Vilalba.
9. Que a entidade a que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Facenda Galega) Seguridade Social e Concello de Vilalba
10. Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador/a contratado desempeñe as súas tarefas.
11. Que a entidade que represento non é debedor por procedemento de reintegro de axudas do Concello nin doutra administración pública.
12. Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial tramitada.
13. Que autorizo o Concello de Vilalba que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada
14. Non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. No caso de ter solicitada ou concedido axudas para o mesmo fin cumprimentar o seguinte cadro

| CONVOCATORIA | ORGANISMO | SITUACIÓN AXUDA | IMPORTE AXUDA | DA | ANO |
|--------------|-----------|-----------------|---------------|----|-----|
| | | | | | |
| | | | | | |

Declaro baixo a miña responsabilidade:

NON solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de minimis (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento(CE)717/2014 de 27 de xuño de 2014) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento

SÍ solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de minimis nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTO DA AXUDA | IMPORTE | ANO |
|----------------------|------------------|---------|-----|
| | | | |
| | | | |

| | IMPORTE |
|--|---------|
| IMPORTE TOTAL das axudas de minimis percibidas | |

Que a relación de traballadores contratados por esta empresa no mes anterior é a seguinte:

| NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A | D.N.I. | TIPO DE CONTRATO |
|----------------------------------|--------|------------------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

Que a relación de traballadores contratados por esta empresa nos 24 meses anteriores é a seguinte:

| NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A | D.N.I. | TIPO DE CONTRATO |
|----------------------------------|--------|------------------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente en, a de de 2023.

Anexo III**ACEPTACIÓN /RENUNCIA DA SUBVENCIÓN**

D./Dña.....
..... con NIF..... na miña condición de representante da
entidade.....con
CIF.....

ACEPTO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

RENUNCIO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

E para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente en....., a de de 2023.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

Vilalba, 25 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 2824
